

As nosas Mans

Ano 2008

Revista da Lingua de Signos en Galego

nº 01

Foi aprobado polo Parlamento
español o día 10 de outubro de 2007



Publica: Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela.
San Paio do Monte. s/n 15898 Santiago de Compostela
Apartado de Correos 615 Teléfono e Fax: 981.582.968
E-Mail asopssc@hotmail.com

Contido

1.	Limiar	3
2.	A familia	4
3.	Os animais	12
4.	En acción	16

Colaboradores:

M^a Lucia Figueiro Pérez
José Manuel Méndez Tajés
Luis Rendo Lareo
Patricia Bandín Trambah
M^a Lorena Marcote Canosa
Ángel Montero García
M^a Luz Valiña Rodríguez
José Rodríguez Iglesias

Corrector en Lingua Galega:

Xulio Loureiro González

Coordinador:

Andrés Caamaño Hermida

Imprime: Grafisant, S.L.

Deposito Legal: C 3644-2008

LIMIAR

A Cultura dun pobo é máis rica e sólida cantos máis aspectos do seu saber estean recoñecidos, recollidos e transmitidos entre os seus membros. Pero todo este compendio de saberes pode resultar incompleto se non se teñen en conta todas as peculiaridades dos diferentes grupos que integran esa sociedade, en concreto as minorías. Testemuñas tan enriquecedoras como a do barallete para Galicia demostran a importancia destas manifestacións, que son restrinxidas, pero importantes para explicar a nosa esencia de conxunto.


Neste senso, a Comunidade Xorda, historicamente descoñecida e ignorada pola maioría da sociedade, aporta un valiosísimo acerbo en forma da lingua, hábitos e valores que retratan o xeito de interpretar o entorno e a realidade que nos arrodea por parte deste colectivo. A mesma Galicia comprendida visualmente, dunha forma especial, distinta e única. Cunha lingua visual, xestual, estruturada, gramatical, produtiva, capaz en resumo, as persoas xordas son quen de expresar todo o entorno real, o figurado e os seus sentimentos dun xeito preciso e fermoso, pero todo este mundo corre o risco de desaparecer, unha vez máis baixo a presión das correntes maioritarias e xeralistas da Lingua de Signos dominante en España.

Por iso, este traballo ten tanta razón de ser, e, polo tanto, tanta importancia, pois recolle cun propósito pedagóxico, aqueles signos que utilizaban e utilizan as persoas xordas de Galicia para comunicarse; signos nados e usados aquí. Algo espontaneamente de noso que nos enriquece aínda máis. Son signos que non teñen unha extensión xeográfica grande e teñen dificultades para ter usuarios novos, dado o poderoso influxo exercido pola LSE (Lingua de Signos Española), pero son nosos, como o barallete.

Temos, pois, que felicitarnos e felicitar ó equipo de Santiago que afrontaron esta empresa (esperamos que con máis aportacións futuras que, sen dúbida, hai) e ó seu coordinador Andrés Caamaño, sensible todos eles ó feito cultural galego. A presenza da comunidade Xorda na Cultural Galega é xa unha realidade para orgullo dos que amamos todo o que representa este colectivo, Galicia e a nosa Cultura. Agora, precisamente por esta aportacións, Galicia é máis rica e máis sólida.

Ánimo e grazas pola vosa aportacións.

A FAMILIA



O PAI

Home ou animal macho que tivo un ou máis fillos



A NAI

Muller, ou femia en xeral, que tivo un ou varios fillos




O FILLO

Calquera persoa ou animal [en relación ós seus pais].



A FILLA


A FAMILIA




O ESPOSO.
Persoa unida a outra por
matrimonio [con respecto a esta].
SIN. *home, marido.*




A ESPOSA
SIN. *muller*



O IRMÁN
Persoa que, respecto doutra, é filla dos
mesmos pais ou só do mesmo pai ou da
mesma nai.



A IRMÁ




A FAMILIA




O AVÓ.
[Con relación a unha persoa] cada un dos pais de seus pais.



A AVOA.



O NETO
[Respecto a unha persoa] fillo ou filla de calquera dos seus fillos.



A NETA

A FAMILIA



O CUÑADO.
Irmán ou irmá dun dos cónxuxes
[respecto ó outro],



A CUÑADA.



O XENRO.
O home da filla [respecto dos pais desta]



A NORA.
A muller do fillo [respecto dos pais
deste].

A FAMILIA



O TÍO.

[Con relación a unha persoa]
irmán ou irmá do pai ou da nai.



A TÍA



O SOBRIÑO.

[Respecto dunha persoa] fillo ou filla
dun irmán ou irmá.



O SOBRIÑA.



A FAMILIA



O PADRASTO
Marido da nai, [respecto dos fillos que esta leva ó matrimonio]



A MADRASTA
Muller do pai, [respecto dos fillos que este leva ó matrimonio].




MEDIO IRMÁN
Irmán só por parte de pai ou por parte de nai.



MEDIO IRMÁ

A FAMILIA



O CONSOGRO
Pai e nai dun cónxuxe
[en relación cos do outro].



A CONSOGRA.




A BISAVÓ.
[con relación a unha persoa],
cada un dos pais de seus avos.



A BISAVOA.

A FAMILIA



O CURMÁN.
[Respecto dunha persoa] o fillo
ou filla dun irmán ou dunha irmá
do pai ou da nai.



A CURMÁ.





O VIÚVO
Sen cónxuxe, por falecer este e por non
casar de novo.




A VIÚVA

OS ANIMAIS



O CARNEIRO

Macho da ovela, que nalgunhas especies ten cornos revirados en espiral.



O AÑO

Cría da ovela, que non pasa dun ano.



A OVELLA


Mamífero ruminante, femia do carneiro, que ten o corpo cuberto de la.



O TOURO



Macho da vaca.

OS ANIMAIS




O CABALO

Équido de orelas pequenas e de longa crina no pescozo e no rabo, que se utiliza fundamentalmente como montura.




A ÉGOA




O GALO

Macho da galiña, das mesmas características ca esta pero máis grande.



A GALIÑA



Ave doméstica con crista pequena e vermella e peteiro curto, que se cría para aproveita-los seus ovos e a súa carne para a alimentación.



O POLO

Cría dunha ave, en particular a da galiña

OS ANIMAIS




O BOI

Touro castrado, que se emprega como animal de tiro.



A VACA

Mamífero da suborde dos ruminantes, femia do touro, que se cria para aproveitarlle o leite, a carne e a pel.



O XATO

Cría da vaca mentres é nova, máis ou menos ata que lle duran os dentes do leite.



O GATO

Felino doméstico de pequeno tamaño.

OS ANIMAIS



O PORCO

Mamífero doméstico, omnívoro, de corpo grosso e patas curtas, que se cría para aproveitá-la súa carne e graxa, e tamén o seu coiro despois de curtido.



A PORCA



O CAN

Mamífero doméstico do que existen múltiples razas de características diversas e que, pola súa intelixencia e lealdade, é utilizado polo home na caza, para gardar rabaños, casas ou outras propiedades, así como para moitas outras funcións.




A CADELA



Escoitar

Oír con atención.



Escoitar


(L.S.G.)



Borrar

Anular mediante unha ou varias raías [algo escrito, debuxado ou pintado].

Sin. riscar




Borrar

[fig.] Facer que se vaia da memoria propia ou colectiva.



Falar por falar
Ou falar en banda.

Dicir cousas sen fundamento, que non veñen ó caso, ou polo simple feito de dicir algo.




SIGNAR
[NA NOSA LINGUA DE SIGNOS]



Falar

Pronunciar palabras, expresando mediante elas o pensamento.



Latricar

Falar sen parar e dicindo cousas sen xeito.
Sin. **falar**



En
acción



sobre

1. Acerca de.
2. Indica unha localización temporal imprecisa ou unha valoración aproximada de calquera outra magnitude.



Contar

Expoñer oralmente [un conto, historia ou suceso].



Contar (L.S.)

Expoñer signamente [un conto, historia ou suceso]. Sin. **narrar**, **relatar**.




Cortar

Cortar un papel coas tesoiras.



Subliñar

Facer unha liña horizontal por debaixo de [unha cousa escrita] para chama-la atención sobre ela. Sin. **suliñar**



Riscar

Trazar unha ou varias raias sobre [algo escrito, debuxado ou pintado] para indicar que non é correcto, que non serve, etc.. Sin. **borrar**



Explicar

Dar a coñecer con claridade [alguén] o que quere dicir.




Definir

Establecer de maneira precisa os límites de [unha cousa real ou abstracta].



En
acción



Adestrar

Tornar destro ou hábil [nunha determinada práctica] [unha persoa ou animal].
Sin. **exercitar**



Dísparar

Lanzar [un proxectil] mediante unha arma, ou facer que [unha arma] despida o seu proxectil. SIN. **tírar**.



Curar

Facer que [alguén que está doente] se poña san ou facer desaparecer [algunha enfermidade ou lesión]. Sin. **sandar**



Vedar

Cubrir cunha venda [unha parte ferida do corpo].



En
acción




Cortar

Dar forma coas tesoiras a un tecido co que se vai confeccionar [unha peza de roupa].



Recortar

Cortar polas beiras ou corta-lo que sobra de [algo].




Pegar

Unir [unha cousa] [a outra] mediante unha substancia adhesiva. Sin. **adherir, apelar, colar.**




Rífar

Discutir [con alguén] ou chamarlle a atención levantando a voz.



En
acción




Gañar

Ganar. Obter [algo] con traballo e esforzo.



Chorar

Deitar lágrimas ou bágoas [a causa dunha emoción, unha dor, etc.]. **SIN.** bagoar.



Rír

Conforma-los músculos da face ancheando a abertura da boca dun xeito especial, amosando os dentes e emitindo ó mesmo tempo uns sons característicos, máis ou menos ruidosos, normalmente como expresión de alegría.




disimular

Intentar dar unha idea falsa de [o que se pensa ou se sente].



Rífar

Discutir [con alguén] ou chamarlle a atención levantando a voz.




felicitar

Manifestar a [alguén] a satisfacción que se sente [por algo favorable que lle concirne].
Sin. **congratular**




Correr

Desprazarse a pé con rapidez, dando pasos longos e elevando un pé antes de pousalo outro.




A todo correr

loc. adv. Á présa ou con velocidade




Pelexar

Enfrontárense fisicamente [dúas ou máis persoas ou animais] aínda que sexa sen armas.



Pelexar

Enfrontárense fisicamente [dúas ou máis persoas ou animais] aínda que sexa sen armas. SIN. **agarrarse**




Face-las paces

Reconciliarse.




Trepar

Pisar moito [unha cousa] cos pés. SIN. **tripar**.



Esconder

Colocar [a alguém ou algo] para que non poida ser visto ou atopado.



Patinar

Desprazarse esvarando sobre unha superficie lisa e chá con patíns.



Saltar á pata coxa



Dar pinchacarneiros

Volta que se dá apoiando as mans no chan e deixándose caer sobre o lombo.

SIN. *campadela, capitón, pirueta, viravolta.*



En
acción



Asubiar

Emitir asubíos. **SIN.** *chifrar, pitar*¹.



Tropezar

Chocar [contra un obstáculo], en especial cos pés.
SIN. *topar*



Esvarar

Perde-lo equilibrio ou o control do movementu ó pisar ou desprazarse sobre unha superficie lisa ou mollada.



Botar


Saír despedido [un corpo elástico] despois de chocar contra un obstáculo.




En
acción



Dar unha patada
Golpe dado coa pata ou co pé.



Suar
Deitar suor. **SIN.** *transpirar*




Espirrar
Esbirrar.



Fartar
Satisfacer plenamente a fame ou a sede de [alguén] ou, por extensión, calquera desexo ou necesidade..




En
acción




Torcer.

Deformar [unha cousa] dándolles voltas ós seus extremos en sentido contrario.
SIN. *retorcer*



Torcer.

Dar forma curva a [unha cousa].
SIN. *curvar, domear.*




Torcer.

Forzar [unha articulación] ó facer que dobre nun sentido distinto ó natural.



Torcer.

Pór [algo] en dirección distinta á que tiña.
Torce-la cabeza




Torcer.
 Pór [algo] en dirección distinta á que tiña.
torce-la vista



Torcer.
 Pór en posición oblicua [algo que estaba vertical].



Torcer.
 Coller distinta dirección.
 SIN. *dobrar, virar, xirar.*



Torcer.
Torce-lo bico. Pór mala cara..




En
acción



Adiantar.

Mover ou levar para diante. *avanzar.*



Adiantar.

Dar pulo a, aumenta-lo ritmo ou a actividade de [algo]. **SIN.** *acelerar.*




Adiantar.

Facer que [o relox] marche a maior velocidade da normal e indique un tempo que aínda non chegou.
ANT *atrasar.*




Adiantar.

Facer ou decidir que se faga ou teña lugar [algo] antes do que estaba previsto ou do que corresponde.
SIN. *anticipar.* **ANT.** *adiar, aprazar atrasar, delongar, pospoñer, postergar, retardar.*



En
acción




Adiantar.

Gana-la dianteira a [algo ou alguén], pasar diante por ir a máis velocidade.



Adiantar.

Marchar [o reloxo] máis rápido do debido e sinalar un tempo que aínda non chegou.




Adiantar.

Facer progresos. **SIN. avanzar, progresar.**



Adiantar.

Chegar ou ocorrer [algo] antes do previsto. .
SIN. anticiparse.



Língua de Signos en galego



ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(DECLARADA DE UTILIDAD PÚBLICA)

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia.
Secretaría Xeral de Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística